

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/16	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	10 de abril de 2026
Duración	Dende as 13:23 ata as 13:35 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	NON
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 01.04.2026****Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 01 de abril de 2026.

Expediente 191/2024. COLONIAS FELINAS**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a Lei 7/2023 de 28 de marzo, de protección dos dereitos e do benestar dos animais, que establece a obriga dos concellos de xestionar as colonias felinas, o que implica a necesidade de identificar, esterilizar, vacinar e desparasitar aos animais que as integran.

Vista a necesidade de dar cumprimento á devandita Lei, faise preciso a creación de colonias felinas legalmente establecidas no Concello de Silleda para posteriormente poder realizar a xestión destas a través do método CER (captura, esterilización e retorno).

Visto que para a xestión das colonias felinas legalmente establecidas o Concello adheriuse ao Protocolo de Actuación de Colaboración Provincial da Deputación de Pontevedra para a Esterilización de gatos Comunitarios.

Visto que no termo municipal, na data de hoxe xa hai identificadas 13 colonias felinas.

Visto que a Sra. M^a Luisa Madrián Fraga, a través dunha instancia xeral presentada no rexistro municipal o 26/11/2025, comunica a existencia dunha nova colonia felina localizada no termo municipal en:

- Á altura da vivenda núm. 5 no lugar de Carral en Taboada (Silleda)

Visto que a Sra. Verónica Corral Castelo, a través dunha instancia xeral presentada no rexistro municipal o 10/04/2026, comunica a existencia dunha nova colonia felina localizada no termo municipal en:

- Nos arredores da igrexa e do lugar de San Martiño en Vilar (Silleda).

Nestas ubicacións estímase a existencia de animais que poderían ser obxecto do Plan de Xestión de Colonias Felinas do Concello de Silleda.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Dar de alta estas novas colonias felinas coa finalidade de que quede legalmente

establecidas no Concello de Silleda.

Expediente 535/2026. Contratacións. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN SAR, ESCUADRO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de subvención a Consellería de Medio Rural para a actuación Mellora de Camiños Municipais en Sar Escuadro, ao abeiro da ORDE do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o a no 2026 das axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026-2027, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de España, en réxime de concorrancia non competitiva mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E).

Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: MEJORA DE CAMINOS MUNICIPALES EN SAR, ESCUADRO por importe de 115.361,39 € (IVE INCLUÍDO).

Visto o informe emitido o 4 de marzo de 2026 polo técnico municipal, relativo á procedencia de solicitar autorizacións sectoriais, ao cumprimento da normativa urbanística e á constatación de que as obras non afectan á estabilidade, seguridade nin estanqueidade, e tendo en conta que o importe do proxecto é inferior a 500.000 €, non resulta precisa a súa supervisión.

Vistas as Autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente:

- Consta presentada solicitude de autorización e aprobada pola CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, Departamento Territorial de Pontevedra Servizo de Infraestruturas agrarias, na que se autoriza a actuación de “mellora de camiños municipais en Sar, Escuadro”, dentro da zona de concentración parcelaria de Escuadro-Rellas (Silleda-Pontevedra), de acordo co cumprimento das condicións establecidas na mesma.

- Consta presentada solicitude de autorización e aprobada pola Deputación de Pontevedra, Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, na que se autoriza a actuación de “mellora de camiños municipais en Sar, Escuadro”, de acordo co cumprimento das condicións establecidas na mesma.

-Consta presentada e aprobada por Augas de Galicia, *Declaración responsable de actuacións* menores no dominio público hidráulico e zona de policía para a actuación “mellora de camiños municipais en Sar, Escuadro”

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o proxecto MEJORA DE CAMINOS MUNICIPALES EN SAR, ESCUADRO por importe de 115.361,39€ (IVE INCLUÍDO) nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo.- Iniciar ao expediente de contratación, por tramitación anticipada, da obra MEJORA DE CAMINOS MUNICIPALES EN SAR, ESCUADRO por importe de 115.361,39€ (IVE INCLUÍDO), solicitando ao persoal técnico competente a redacción dos pregos que rexerán o proceso.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE